



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MIÑO

*Decreto de corrección de erros do decreto de delegación de áreas e servizos nos concelleiros e concelleiras*

#### DECRETO DE ALCALDÍA

#### CORRECCIÓN DE ERROS DO DECRETO DA DELEGACIÓN DE ÁREAS E SERVIZOS NOS CONCELEIROS E CONCELEIRAS

Logo de ver o Decreto da Alcaldía núm. 571/2023 do 21.06.2023 polo que se efectúan as delegacións xenéricas a prol dos distintos concelleiros e concelleiras.

Logo de detectar un erro no punto segundo relativo ás competencias que se delegan.

Tendo en conta o disposto no art. 109 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se establece que as administracións públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia das persoas interesadas, os erros materiais, aritméticos ou de feito existentes nos seus actos, **esta Alcaldía**, en uso das atribucións que lle confire o ordenamento xurídico, **resolve**:

**Primeiro.-** Rectificar o Decreto da Alcaldía núm. 571/2023 do 21.06.2023 nos seguintes termos:

#### Onde di:

1.- As facultades que se delegan son todas as que sexan de competencia da Alcaldía Presidencia comprendidas dentro destes servizos, das indelegables segundo o artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, as delegadas na Xunta de Goberno ou atribuídas expresamente a outros órganos de goberno do concello, e abarcará a facultade de dirixir os servizos correspondentes e xestionalos en xeral, incluíndo a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, agás a incoación dos expedientes con contido económico.

#### Debe dicir:

1.- As facultades que se delegan son todas as que sexan de competencia da Alcaldía Presidencia comprendidas dentro destes servizos, agás as indelegables segundo o artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e as delegadas na Xunta de Goberno ou atribuídas expresamente a outros órganos de goberno do concello, e abarcará a facultade de dirixir os servizos correspondentes e xestionalos en xeral, incluíndo a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, agás a incoación e resolución dos expedientes con contido económico.

**Segundo.** Practicar a correspondente dilixencia no libro de resolucións ao obxecto de reflectir a corrección acordada.

**Terceiro.** Notificar este acordo ás persoas interesadas no procedemento con indicación dos recursos pertinentes.

**Cuarto.-** Publicar este decreto no BOP sen prexuízo da súa efectividade a partir da data da súa sinatura e dar conta ao Pleno do concello na primeira sesión que realice.

Miño, 26 de xuño de 2023

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretario acctal. municipal

Ignacio Edreira Moreira

2023/5550



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MIÑO

*Decreto de Alcaldía delegacións xenéricas correspondentes ás Áreas de Goberno Municipais*

### DECRETO DE ALCALDÍA

#### DELEGACIÓN DE ÁREAS E SERVIZOS NOS CONCELEIROS E CONCELEIRAS

Logo de ver que polo Decreto de Alcaldía núm. 566/2023 do 20.06.2023 creáronse as áreas de goberno local, en uso das competencias de dirección do goberno e a administración municipais que o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local concede á Alcaldía.

Logo de ver que a Área de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá, Protección Civil, Novas Tecnoloxías e Sociedade Digital será responsabilidade da Alcaldía e de conformidade coas atribucións que lle confiren os artigos 23.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 43 e 44 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e co fin de acadar unha maior celeridade e eficacia na xestión municipal, **resolve**:

**Primeiro.-** Efectuar a favor das señoras concelleiras e señores concelleiros membros da Xunta de Goberno Local as seguintes delegacións xenéricas correspondentes ás áreas e/ou materias que se relacionan:

- 1.- A dona María Catalina Morado Fariña delegáselle a Área de Educación, Cultura, Comunicación, Transparencia e Igualdade.
- 2.- A dona Emma González Álvarez delegáselle a Área de Atención á Cidadanía, Urbanismo e Réxime Interno.
- 3.- A dona Yolanda Bello Pérez delegáselle a Área de Servizos Sociais, Deporte, Turismo, Promoción Económica e Xuventude.
- 4.- A don Francisco Manuel Abuín Cartamil delegáselle a Área de Infraestruturas, Contratación, Medio Ambiente, Praias e Servizos Xerais.

**Segundo.-** As delegacións xenéricas acordadas no apartado anterior a prol dos concelleiras/os membros da Xunta de Goberno Local suxeitaranse ao seguinte réxime xurídico:

1.- As facultades que se delegan son todas as que sexan de competencia da Alcaldía Presidencia comprendidas dentro destes servizos, das indelegables segundo o artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, as delegadas na Xunta de Goberno ou atribuídas expresamente a outros órganos de goberno do concello, e abarcará a facultade de dirixir os servizos correspondentes e xestionalos en xeral, incluíndo a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, agás a incoación dos expedientes con contido económico.

2.- O ámbito de actuación ao que se refire esta delegación será o correspondente a todo o termo municipal e comprenderá a área obxecto de delegación e xurdirá efectos a partir do día seguinte á data da súa sinatura.

3.- O exercicio das facultades por delegación deberá facerse constar nas resolucións que se diten, de conformidade co disposto no artigo 9.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

4.- A Alcaldía poderá revogar en calquera momento as delegacións efectuadas seguindo as mesmas formalidades aplicadas para outorgalas. Tamén poderá avocar en calquera momento a competencia delegada de acordo co que dispón o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

5.- No caso de ausencia, vacante, enfermidade ou calquera outro impedimento dos concelleiros/as delegados, esta Alcaldía asumirá directa e automaticamente as competencias delegadas, como titular da competencia orixinaria, e entenderase a estes efectos exercitada a potestade de avocación con base nesta resolución, sen necesidade dunha nova resolución expresa neste sentido.

6.- Corresponderalle á Alcaldía resolver as posibles dúbidas que se formulen en relación coa aplicación desta resolución.

7.- Notificar esta resolución aos concelleiros/as afectados; entenderase aceptada a competencia delegada se, no prazo de tres días hábiles dende a recepción da dita notificación, non se opoñen a esta.

**Terceiro.-** Conferir, de conformidade co disposto no artigo 43.5 e 5 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, as seguintes delegacións especiais a favor dos concelleiros/as que se relacionan deseguido, para os servizos que igualmente se sinalan:

1.- Conferir a delegación do Servizo de Deporte, Turismo, Promoción Económica e Xuventude, (integrado na Área de Servizos Sociais, Deporte, Turismo, Promoción Económica e Xuventude) a don José Manuel Pantín Morado.

2.- Conferir a delegación do Servizo de Medio Ambiente, Praias e Servizos Xerais (integrado na Área de Infraestruturas, Contratación, Medio Ambiente, Praias e Servizos Xerais) a dona María Elena Lage Suárez.

3.- Conferir a delegación do Servizo de Novas Tecnoloxías e Sociedade Dixital (integrado na Área de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá, Protección Civil, Novas Tecnoloxías e Sociedade Dixital) a don Santiago Gómez Beade.

**Cuarto.-** As delegacións especiais efectuadas no apartado anterior enténdense conferidas como delegacións da dirección interna dos servizos, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

1.- O ámbito de actuación ao que se refiren as delegacións será o correspondente a todo o termo municipal.

2.- Os concelleiros e as concelleiras responsables directos das áreas correspondentes terán a facultade de supervisar a actuación dos concelleiros e dos concelleiras con delegacións especiais integrados nas súas áreas respectivas.

3.- Notificar esta resolución aos concelleiros e ás concelleiras afectados; e entenderase aceptada a competencia delegada se, no prazo de tres días hábiles dende a recepción da dita notificación, non se opoñen a esta.

**Quinto.-** Publicar este decreto no BOP, sen prexuízo da súa efectividade a partir do día seguinte á data da súa sinatura e dar conta ao Pleno do concello desta resolución na primeira sesión que realice.

Miño, 21 de xuño de 2023

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe. O secretaria acctal. municipal

Ignacio Edreira Moreira

2023/5549



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MIÑO

*Decreto de Alcaldía da creación das Áreas de Goberno Municipais*

#### DECRETO DE ALCALDÍA

#### CREACIÓN DAS ÁREAS DE GOBERNO MUNICIPAIS

O artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece que o alcalde é o presidente da Corporación e dirixe o goberno e a administración municipal, manifestándose no mesmo sentido o artigo 41.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, onde establece ademais que o alcalde dirixe, no marco do regulamento orgánico, a organización dos servizos administrativos da Corporación.

O artigo 43.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro dispón que as delegacións xenéricas que pode realizar o alcalde-presidente referiranse a unha ou varias áreas ou materias determinadas, que constitúen, deste xeito, os eixos básicos nos que se estrutura o goberno local.

O artigo 45 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro dispón que as delegacións que pode outorgar o alcalde se axusten na medida do posible ás grandes áreas nas que o Regulamento orgánico municipal estructure os servizos do concello.

Sendo as competencias dos concellos sumamente amplas e cambiantes no seu contido polas distintas circunstancias sociais e sendo a Administración local a máis próxima á cidadanía, é o desexo desta Alcaldía prestarlle uns servizos de calidade.

Por todo isto, **esta Alcaldía**, en uso das atribucións que lle confire o ordenamento xurídico, **RESOLVE**:

**Primeiro.-** Crear as seguintes áreas de goberno local, que poderán ser obxecto dunha delegación xenérica nos termos do artigo 43.3 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e que corresponden cos seguintes sectores de actividade:

#### **1. Área de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá, Protección Civil, Novas Tecnoloxías e Sociedade Dixital.**

En materia de **Economía e Facenda** ocuparase esta área, en materia de gastos, da xestión orzamentaria do concello, seguimento e control dos orzamentos, xestión económica e financeira da Administración; en materia de ingresos, recursos económicos do concello, xestión tributaria e de recadación, política fiscal, preparación de ordenanzas fiscais e estatística.

No eido da **Seguridade Cidadá e Protección Civil** correspóndelle a xestión da seguridade cidadá, protección civil e policía local.

No eido das **Novas Tecnoloxías e Sociedade Dixital** correspóndelle a xestión das políticas municipais tendentes á súa implantación completa ás esixencias das novas leis de procedemento e achegarlle á veciñanza as plataformas de tramitación electrónica, a sede electrónica municipal, impulso do uso da administración electrónica e implementación das TIC de xeito transversal.

#### **2. Área de Educación, Cultura, Comunicación, Transparencia e Igualdade.**

No eido da **Cultura e da Educación** correspóndelle a xestión das políticas municipais de cultura, lingua e ensino: programación de actividades culturais de todo tipo, infraestruturas culturais, programas de educación complementaria.

En materia de **Comunicación** o obxectivo principal é acercar a administración municipal á cidadanía, creando e adoptando as vías de comunicación e os mecanismo necesarios para escoitar o que a cidadanía queren transmitir, co fin de contribuír a mellorar a política municipal e a xestión dos asuntos públicos.

En materia de **Transparencia** correspóndelle a actualización dos datos contidos no portal de transparencia do Concello de Miño, na páxina web e nas redes sociais municipais.

En materia de **Igualdade**, esta área ocuparase de traballar a favor da igualdade real e efectiva de mulleres e homes, supón a implicación de todas as áreas municipais e que na planificación, elaboración e avaliación de todas aquelas accións, programas e políticas que desenvolvan teñan sempre presente o enfoque de xénero, isto é, analizar a realidade tendo en conta a variable sexo e as diferentes condicións, situacións e necesidades de mulleres e homes.

### 3. Área de Atención á Cidadanía, Urbanismo e Réxime Interno.

En materia de **Atención á Cidadanía** correspóndelle a política de información á cidadanía, favorecer a democracia participativa, coordinar actuacións en beneficio da cidadanía e xestionar avisos, queixas e suxestións da poboación.

Esta área comprende, no eido do **Urbanismo**, a xestión urbanística; a execución de planeamento; expropiacións por razóns de urbanismo, políticas municipais de dotación de solo para vivendas sociais, promoción de vivendas sociais, licenzas urbanísticas de todo tipo, comunicacións previas, licenzas e comunicacións previas para o exercicio de actividades e expedientes de disciplina urbanística.

No eido de **Réxime interno**, a xestión dos recursos humanos do Concello, os aspectos relativos á organización do Concello, métodos de traballo e instrucións correspondentes, as relacións coas persoas representantes dos empregado/as públicos, agás os temas que deban ser tratados na Mesa xeral de negociación.

### 4. Área de Servizos Sociais, Deporte, Turismo, Promoción Económica e Xuventude

En materia de **Servizos Sociais** correspóndelle a esta área a xestión de programas dos servizos sociais municipais, de atención ás situacións de marxinación e exclusión social, medidas de integración social, política de inmigración, atención á terceira idade, axuda no fogar, muller, familia, voluntariado e seguimento da escola infantil municipal.

No eido do **Deporte** correspóndelle a xestión das políticas municipais de programación de actividades e infraestruturas deportivas de ocio, participación xuvenil, planificación e promoción da ocupación do tempo de lecer, así como o apoio aos clubs deportivos.

En materia de **Turismo** correspóndelle a promoción e difusión turística do municipio como destino turístico nos mercados nacionais e estranxeiros, na que as súas máximas referencias son a riqueza patrimonial, as tradicións, a gastronomía local, os recursos paisaxísticos, os recursos turísticos, etc.

No eido da **Promoción económica** correspóndelle a esta área a xestión de plans de formación doutras administracións públicas, programas de cooperación en materia de emprego doutras administracións, a xestión das políticas municipais tendentes á dinamización e potenciación da vida económica local (comercio, hostalería, emprendemento e axentes económicos), as políticas municipais en materia de industria, a fixación dos obxectivos para a promoción de actividades económicas do concello, as relacións cos axentes sociais na procura de políticas integrais de desenvolvemento e fomento de actividades económicas. Tamén lle corresponde a esta área informar, asesorar, colaborar e promover o tecido asociativo do concello.

En materia de **Xuventude** correspóndelle a esta área ofrecer un servizo de información e asesoramento personalizado á mocidade do municipio en todos aqueles temas que lles afecten na súa vida cotiá (emprego, educación, formación, bolsas e axudas, tempo libre, vivenda, saúde...), un programa de formación e ocupación do seu tempo de lecer, que atenda unha demanda de formación non regrada oficialmente, canalizar e potenciar as inxerencias da mocidade nas súas diversas manifestacións (cultural, artística, social, asociativa...), facilitar a igualdade de oportunidades da mocidade no acceso á información e aos recursos.

### 5. Área de Infraestruturas, Contratación, Medio Ambiente, Praias e Servizos Xerais.

No eido das **Infraestruturas** correspóndelle a esta área o seguimento das obras públicas municipais, dos investimentos en conservación de edificios e equipamentos públicos, mesmo planificación dos pequenos investimentos nas materias indicadas. Tamén lle corresponden as competencias en materia de limpeza viaria, rozas e limpeza de edificios públicos. Ademais, correspóndelle a esta área o seguimento da execución dos diferentes plans de obras, xa sexan autonómicos ou provinciais, e dos plans de investimentos nas parroquias do concello, incluída a mobilidade e seguridade viaria da rede municipal.

En materia de **Contratación**, esta área asume a xestión dos procedementos de contratación do concello.

No eido de **Medio Ambiente** correspóndelle a xestión das políticas municipais de medio ambiente: sensibilización e fomento da conciencia medioambiental, políticas transversais de sostibilidade medioambiental, planificación de espazos públicos e redefinición dos espazos públicos existentes; e os expedientes administrativos relacionados con esta área.

No eido dos **Servizos Xerais e Praias** correspóndelle a esta área o mantemento dos servizos básicos municipais de iluminación pública, abastecemento de auga e rede de sumidoiros, acometidas, recollida de residuos sólidos urbanos. Inclúese o mantemento e conservación de vías públicas, praias, parques e xardíns.

**Segundo.-** Corresponderá á Alcaldía a coordinación do funcionamento das áreas municipais, así como a resolución das cuestións que xurdan en relación coa adscrición a unha área determinada dunha materia concreta.

**Terceiro.-** Esta resolución será efectiva dende o día seguinte á data da sinatura deste decreto.

**Cuarto.-** Dar conta ao Pleno do concello deste decreto na primeira sesión que realice.

Miño, 20 de xuño de 2023

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

Dou fe,

A secretaria

Alejandra Rodríguez Menéndez

2023/5548